



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

2024/G010/000007

NÚMERO 2024/7

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO , O DÍA sábado
22 de xuño de 2024

Srs./ Sras. Asistentes:

Sr. Alcalde-Presidente:

Dona Sandra Insua Rial (PSOE)

Sres. Concelleiros:

Dona Encarnación Liñeiro Pouso (PSOE)

Don Sergio Caamaño Fernández (PSOE)

Dona Begoña Tajés Méndez (PSOE)

Don Germán Camiño Mouzo (PSOE)

Dona Rosa Ana Barbeira Fandiño (PSOE)

Don José Francisco Carril Ageitos (PSOE)

Don Fabián Canosa Pasantes (PSOE)

Dona Paula Mouzo Mas (PP)

Don Juan Carlos Sambade Amado (PP)

Don Manuel Mejuto Rios (PP)

Dona Marta M^a Mouzo Pose (PP)

Escusa ausencia

Don Xurxo M. Rodríguez Baña (BNG)

Secretaria:

Dona Eva Jardón López.

Na casa do Concello de Camariñas, sendo as 12:00 horas do **sábado 22 de xuño de 2024** en primeira convocatoria e baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa Dona Sandra Insua Rial, reúnen-se os Srs./Sras. Concelleiros/as relacionados, todos eles membros do Pleno, con fin de celebrar sesión Extraordinaria, asistidos da secretaria da sesión Eva Jardón López, de acordo co seguinte:

ORDE DO DIA

1 / 5

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net>.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)



ÚNICO.- CAMBIO DENOMINACIÓN DA AVENIDA EUGENIO LÓPEZ E A TRAVESÍA EUGENIO LÓPEZ A AVENIDA ALCALDE JUAN BAUTISTA SANTOS RAMOS E TRAVESÍA ALCALDE JUAN BAUTISTA SANTOS RAMOS.

Consta no expediente o ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais que a continuación se transcribe:

“PROPOSTA DE ACORDO

ASUNTO.- SOLICITUDES/ CAMBIO DENOMINACIÓN DA AVDA. EUGENIO LÓPEZ A AVDA. JUAN BAUTISTA SANTOS RAMOS

EXPEDIENTE.- 2024/X999/000242

Visto o escrito presentado por dona Encarna Liñeiro Pouso, Secretaria Xeral da Agrupación Socialista de Camariñas, en data 10 de xuño de 2024, rexistro de entrada 20240000001698, no que expón que “Do 1983 ata o 2007 Juan Bautista Santos Ramos foi alcalde do concello de Camariñas.

Líder extraordinario e traballador incansable, dedicou toda a súa vida a conseguir o benestar e progreso para Camariñas, deixando unha pegada indeleble no corazón de todos nos.

Pola importante labor e dedicación que durante 24 anos tivo cos veciños e veciñas non so a nivel político senón pola súa gran calidade humana.

Rogo: Que dende o concello se proceda a nomear a Avenida Eugenio López como Avenida Alcalde Juan Bautista Santos Ramos por estar alí obras tan importantes coma a Escola Infantil, a gardaría e os pavillóns municipais feitos no seu mandato”.

Visto o informe asinado pola secretaria do Concello, en data 11 de xuño de 2024, no que se conclúe que “(...) o expediente reúne os requisitos necesarios para o cambio de denominación proposto e procede a súa aprobación polo Pleno do Concello (...)”

Visto que no ruego do Concello de Camariñas existe a Avenida Eugenio López, e a travesía Eugenio López, e que esta Alcaldía considera que a destacada labor de don Juan Bautista Santos Ramos, como Alcalde do Concello de Camariñas, é merecedora dunha distinción honorífica.

Visto o disposto no artigo 140 da Constitución Española, o artigo 189 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 22.2.b) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, propoño ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Especial de Asuntos Xerais do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000007

Primeiro.- *Cambiar a denominación da Avenida Eugenio López, e a travesía Eugenio López, que pasaran a denominarse respectivamente, Avenida Alcalde Juan Bautista Santos Ramos e Travesía Alcalde Juan Bautista Santos Ramos.*

Segundo.- *Notificar o presente acordo aos veciños afectados.*

Terceiro.- *Dar traslado do presente acordo ao Rexistro da Propiedade, a Xerencia Territorial do Catastro, ao Instituto Nacional de Estadística, a Correos, e demais organismos que poidan resultar afectados polo cambio de denominación.*

Asinado dixitalmente en Camariñas, na data da sinatura dixital que figura ao marxe, pola Alcaldesa do Concello, dona Sandra Insua Rial”.

Dona Encarna como solicitante do cambio procede a dar lectura a súa petición

“Encarna Liñeiro Pouso, Secretaria Xeral da Agrupación socialista de Camariñas.

Expoñe:

Do 1983 ata o 2007 Juan Bautista Santos Ramos foi alcalde do concello de Camariñas.

Líder extraordinario e traballador incansable, dedicou toda a súa vida a conseguir o benestar e progreso para Camariñas, deixando unha pegada indeleble no corazón de todos nos.

Pola importante labor e dedicación que durante 24 anos tivo cos veciños e veciñas non so a nivel político senón pola súa gran calidade humana.

Rogo: Que dende o concello se proceda a nomear a Avenida Eugenio López como Avenida Alcalde Juan Bautista Santos Ramos por estar alí obras tan importantes coma a Escola Infantil, a gardarías e os pavillóns municipais feitos no seu mandato”

Dona Paula toma a palabra para dicir que dende o Partido Popular van votar a favor da proposta, ao marxe da ideoloxía política de cada persoa e de cada grupo, eles se suman a está proposta para recoñecer a Juan Bautista Santos, Alcalde de Camariñas durante 24 anos, e aproveita para saudar a súa familia e termina dicindo que pola súa parte non vai faltar o consenso porque sempre están abertos ao dialogo e a búsqueda de acordos.

A Alcaldesa escusa a ausencia de don Xurxo por un problema de última hora e di que na Comisión Informativa que houbo o luns votou a favor.

A Alcaldesa procede a lectura do seguinte texto homenaxe:

“Bos días a todas e a todos,

Estimados veciños e veciñas de Camariñas,

Hoxe é un día de lembranza e homenaxe. Reunímonos aquí para recoñecer a figura dun

3 / 5



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

2024/G010/000007

home que marcou unha época na nosa vila, un home que dedicou a súa vida ao servizo dos demais, o noso querido Juan Bautista Santos Ramos. Durante 24 anos, desde 1983 ata 2007, Juan Bautista foi o noso alcalde, pero sobre todo, foi un líder extraordinario e un traballador incansable.

A súa labor non se limitou ao ámbito político. A súa calidade humana, a súa capacidade para escoitar e a súa dedicación aos veciños e veciñas de Camariñas fixérono merecedor do respecto e o cariño de todos. Juan Bautista dedicou toda a súa vida a conseguir o benestar e o progreso da nosa vila, deixando unha pegada indeleble no corazón de todos nós.

Grazas ao seu esforzo e dedicación, Camariñas conta con moitas das infraestruturas das que dispón hoxe en día.

Bautista conseguiu, entre outras moitas cousas, levar a cabo a Escola Infantil, o centro de saúde para a Ponte do Porto, a traída para Camelle e Arou, a reforma da praza de San Xurxo, a ampliación do dique do porto de Camariñas, a ampliación dos acceso ao porto e do dique de Camelle, a traída a Santa María, o instituto, o paseo da Ponte do Porto, o de Camelle, o campo de fútbol de Camariñas, a Casa de Pedra, o Museo do Encaixe... E paro porque a lista é interminable. Como vedes, era un home increíble.

Non me quero esquecer de que el foi o verdadeiro impulsor da Mostra do Encaixe de Camariñas, que se celebrou por primeira vez no 1991. El quería poñer en valor ás nosas palilleiras e ao encaixe e conseguíuno, agora a Mostra é unha pasarela de moda internacional e o encaixe é un produto exclusivo que usan os máis distinguidos deseñadores para darlle valor ás súas coleccións.

E, por suposto, tamén foi el, quen se non, quen impulsou a primeira Escola Taller da Costa da Morte. Unha escola que se inaugurou en 1992 e onde moitos camariñáns e camariñanas se formaron e despois desenvolveron a súa vida profesional en sectores como o da carpintería, o encaixe ou a acuicultura.

Sempre foi un pioneiro. No ano 1987, no seu primeiro mandato, fomos un dos primeiros concellos da bisbarra que declarou o galego como idioma oficial municipal.

Tamén foi un adiantado ao seu tempo nas cuestións sociais, poñendo a Camariñas á dianteira en modernización na atención á muller e aos sectores máis desfavorecidos.

É por iso que, co desexo de manter viva a súa memoria e de recoñecer publicamente a súa inmensa contribución ao desenvolvemento de Camariñas, proponho que dende o Concello se proceda a nomear a Avenida Eugenio López como Avenida Alcalde Juan Bautista Santos Ramos.

Este xesto simboliza o noso agradecemento e admiración por todo o que fixo por nós.

4 / 5



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2024/G010/000007

Juan Bautista non só foi un gran alcalde, senón tamén un home exemplar, un amigo, cuxa entrega e devoción seguirán inspirándonos durante moitos anos.

En nome de todos os veciños e veciñas de Camariñas, quero expresar o noso máis profundo agradecemento a Juan Bautista Santos Ramos, por toda a súa labor e dedicación, e pola gran calidade humana que sempre demostrou. Que a súa memoria permaneza viva entre nós e que o seu exemplo continúe guiándonos cara a un futuro mellor.

Moitas grazas a todos por estar aquí hoxe para honrar a memoria deste gran home”.

Non habendo mais intervencións, procédese á votación, co seguinte resultado:

Votación

Votacións:

Votos a favor: 12

0 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

4 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

Hai aplausos do público e a Alcaldesa di que agora procede ir inaugurar a calle.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, senda as 12:10 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e certifico.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello Eva Jardón López, co visto e praxe da Alcaldesa Sandra Insua Rial